



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE LEIRO PARA O ACONDICIONAMENTO DA RÚA PADRE EIJÁN NO NÚCLEO URBANO DE LEIRO.

Santiago de Compostela, a 19 de abril de 2016

R E U N I D O S

Dunha parte, a Sra. D^a. _____, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

Pola outra parte, don _____, Alcalde-Presidente do Concello de Leiro, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

E X P O Ñ E N

I.- O Concello de Leiro (Ourense) trata de promover unha actuación consistente no **“acondicionamento da rúa Padre Eiján”**, situada no núcleo urbano de Leiro.

A actuación que se pretende atópase situada no leste da trama urbana do núcleo de Leiro, nun entorno de marcado carácter rural. Esta rúa constitúese como unha das vertebradoras do núcleo a pesar do seu escaso ancho, dado que é un dos principais accesos ao Paseo Fluvial, dende a principal arteria do núcleo, a rúa Gabino Bugallal.

As accións a acometer, teñen como finalidade fundamental o acondicionamento para o tráfico peonil e rodado da zona de actuación, xa que nestes momentos, o ámbito de actuación, conta cun pavimento bastante deteriorado.

II.- O programa de acondicionamento desta rúa, contempla o uso peonil e rodado, sen variar a súa xeometría.

ACTUACIÓNS A REALIZAR:

- Execución dun novo pavimento, dado que o acabado de asfáltico co que conta na actualidade atópase moi deteriorado, con multitude de parches, gretas e buratos.

Para executar a nova pavimentación da rúa, recorrerase a dous materiais e acabados. Na zona central executarase ao longo unha banda de tres metros de ancho mediante formigón acabado a cepillo e para as bandas laterais, que presentan un ancho irregular, propónse un



XUNTA DE GALICIA

lousado de granito moreno. Nas zonas onde se xeran importantes ensanchamentos da rúa, a modo de pequenas prazas, o lousado de granito moreno complementarase de novo con formigón acabado a cepillo.

Para resolver o encontro, entre os materiais cos que contan na actualidade as prazas situadas ao inicio e final da rúa e os materiais da propia rúa, propónse unha liña realizada mediante un bordiño de granito moreno, rasado coas cotas existentes.

Contémplase mellorar o alumeadado público co que conta na actualidade, co obxecto da súa ampliación, por resultar este escaso na zona de actuación. Así mesmo, deixarase soterrada unha pequena rede de tubaxe de paso e arquetas a xeito de preinstalación de diferentes servizos que nun futuro poidan ser acometidos.

- Realizarase a mellora das infraestruturas que discorren baixo a rúa, polo que se procederá a revisar a rede de saneamento de fecais. Realizarase unha nova rede de saneamento de pluviais, dado que na actualidade os sumidoiros para a auga de chuvia verten directamente na rede de fecais. Esta nova rede deseñárase de tal xeito que cando sexa necesario acometer nela as baixantes de pluviais das edificacións, non será necesario recorrer ao picado masivo do novo pavimento. Tamén se propón deixar executada unha preinstalación a base de arquetas de rexistro e tubaxe que nun futuro permitan instalar redes de telefonía ou similares sen necesidade de picar o pavimento da rúa.

III.- Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acomete-la actuación. Competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*.

IV.- Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Leiro, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das obras citadas, a través dun Convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Leiro que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“acondicionamento da rúa Padre Eiján no núcleo urbano de Leiro”**.



XUNTA DE GALICIA

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Leiro comprométese a:

- 1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.
- 2.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente Acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
- 3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a explotación e conservación das mesmas.
- 4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.
- 5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:

- 1.- Financia-la execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, a cargo á aplicación 07.02.521A 607.1, ata cento noventa e tres mil oitenta e un euros con trinta e sete céntimos (193.081,37 €) dos orzamentos de 2016.
- 2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de Recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de Leiro para a súa incorporación ao servizo e uso público.



XUNTA DE GALICIA

3.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de Leiro, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente convenio, crease unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería, a persoa titular da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado polo Alcalde ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

SEXTA.- INTERPRETACIÓN E NATUREZA

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O presente convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do Decreto 246/1992 do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ó acordado en todas as estipulacións, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4.2).

SEPTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O incumprimento de calquera das cláusulas.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.
- d) O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non



XUNTA DE GALICIA

consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.

e) A denuncia, por calquera das partes, por razóns de interese público.

OITAVA.- VIXENCIA

A vixencia do presente Convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante manterase ata a entrega das obras ao concello de Leiro nos termos establecidos na cláusula terceira. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

E en proba de conformidade asinan o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

POLO CONCELLO DE LEIRO

O Alcalde